



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 7/2018

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

En Ordes, a vinte e sete de xullo de dous mil dezaeito.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- PABLO VÁZQUEZ CANDAL
- MANUEL REGOS BOQUETE
- MANUEL IGLESIAS VIEITES
- LEONCIO GÓMEZ LIÑARES
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL

Non asiste:

- PAULA CASTENDA BLANCO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Pola Sra. García Gómez, pola voceira do goberno municipal procédese a dar lectura á Declaración Institucional en defensa e a favor da adaptación da Central Térmica de Meirama para a adecuación das emisións á normativa europea, que foi ratificada por todos os membros da Corporación, que se transcribe a continuación:

“A Central Térmica de Meirama foi construída entre os anos 1976 e 1980, iniciando a súa actividade en decembro de 1980. Sendo considerada en aquel momento unha das máis



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

importantes do país, con un custe de 60.000 millóns de pesetas. O seu asentamento na nosa comarca debeuse principalmente á proximidade co xacemento de lignito para aproveitar ese combustible na xeración de electricidade. Naquela época produciuse unha gran loita protagonizada polos veciños de As Encrobras e arredores debido ás expropiacións que pretendían facer no val coas súas casas a prezos moi baixos. As mobilizacións populares conseguiron que os labradores obtiveran prezos dignos anque nunca ninguén lles vai devolver ese lugar das súas vidas que lles pertencía, e que a día de hoxe todos recordamos con dor no estómago cada vez que visitamos a zona.

Os veciños teñen expresado publicamente o seu malestar tamén pola contaminación atmosférica que produce a central, chegando a plantexar denuncias pola excesiva contaminación. As emisións foron reducíndose, mudouse a instalación para que seguise en funcionamento a central logo do peche da mina a ceo aberto da que se extraía o lignito, que era máis contaminante, e comezou a empregarse carbón importado.

Chegou despois o tempo no que o goberno español, decidiu primar o carbón nacional para darlle saída á materia prima do noso país, anque contaminase máis, conseguindo que a Central Térmica que estaba adaptada para o consumo de carbón importado e menos contaminante diminuíse a súa produción anual en favor de outras centrais que non estaban adaptadas para o carbón importado, e aumentando estas a súa xeración de enerxía.

Entendemos que debe reducirse a contaminación, pero non pode permitirse que con un posible peche inmediato da Central poñan en perigo a estabilidade de milleiros de persoas sobre todo cando existen medios materiais para reducir a contaminación e adaptar a instalación a Normativa Europea de Emisións Contaminantes. E presionaremos de cantas maneiras sexan necesarias para que cedan ante a presión dos cidadáns.

Este peche afectaría de xeito significativo na economía da localidade, e condenaría a moitos traballadores a converterse nun número máis da cifra de parados. Non queremos que se faga visible a necesidade de emigrar a outras localidades pola imposibilidade de encontrar emprego en donde residimos. Ademáis dos traballos directos esta central proporciona contratos a moitas pequenas empresas e os comercios viven indirectamente destas outras.

En definitiva, o peche non só condenaría os traballadores, senón tamén sería unha consecuencia directa de regresión para a nosa comarca.

Ademáis de todo isto, sinalamos o seguinte:

Un estudo encargado por Greenpeace ve viable manter unha produción de carbón de respaldo coas renovables ata o 2030.

O peche das centrais térmicas de carbón en España podería elevar ata un 12% o custe do sistema eléctrico en 2025, e si lle sumamos o peche das nucleares incluso podería elevarse o custe ata o 32%. (Estudo encargado por Greenpeace ao Instituto de Investigación Tecnolóxica de Comillas).

Este peche sería outro pau a sumar de todos os que levamos na comarca con peches de empresas decenarias que deixan na rúa a miles de persoas. E recalcamos que a comarca non ten previstas actividades alternativas xeradoras de emprego estable. A recolocación de empregados



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

nunca vai ser sinónimo de estabilidade para eles, senón do contrario, inestabilidade debido aos desprazamentos que se lle aveciñan ou incluso cambio de residencia que se lle aveciñan se queren levar un soldo para as súas casas.

E imposible alcanzar a comprender a pretensión deste peche tendo en conta que non fai tanto, en xaneiro de 2017, cando coincidiu simultaneamente unha parada de unha parte importante do parque nuclear francés, xunto coa elevada demanda e un mercado de gas natural con unha situación tensionada dos seus prezos, anque se tratase de circunstancias aparentemente excepcionais, “as centrais térmicas foron determinantes para asegurar o subministro eléctrico e reducir ademáis os prezos para os consumidores”.

Polo tanto o carbón ten que seguir xogando un papel importante en ese mix enerxético porque incrementa a competencia no mercado maiorista, diversifica fontes de aprovisionamento e actúa como substituta das renovables cando non sopra o vento ou non sae o sol, suplindo ademáis a nosa falta de interconexión con Francia.

Imos pagar tanto os traballadores como o entorno da nosa comarca, as erróneas políticas levadas a cabo durante anos, que se resumen en que saia máis barato importar enerxía dende Francia ou Portugal que producila en España, feito que mantén paradas varias centrais. Todo isto grazas aos impostos que gravan a actividade de xeración eléctrica.

Non comprendemos porqué non se decide adaptar a Central Térmica para reducir as emisións contaminantes como esixe a Unión Europea, cando isto suporía unha mellora ambiental, un investimento que xeraría postos de traballo, e unha garantía da continuidade da Central Térmica ata alomenos o 2045.

Hoxe alzamos a voz pedindo a Naturgy que esta comarca e as súas xentes ben merecen a continuidade desta Central, xa que moitos deixaron as súas terras, moitos sofren a día de hoxe a “morriña” que nunca máis vai ser satisfeita.

Naturgy debe tamén ser responsable socialmente, debe acometer esta adaptación como unha “inversión socialmente responsable”, toca facer negocios baseados en principios éticos e apegados aos cidadáns.

Estas palabras veñen dadas polo Comité de Empresa da Central Térmica de Meirama, e recollen o sentir dos veciños e familiares, e tamén das xentes da comarca.

Son verbas que os grupos políticos e concelleiros que integran a Corporación Municipal de Ordes comparten e por iso o Concello de Ordes:

1.- Trasladar a Naturgy esta Declaración coa petición de que proceda a acometer a reforma necesaria para adaptar a Central Térmica de Meirama como esixe a normativa europea, e así prolongar a vida útil da central ao 2045.

2.- Instar tanto á Deputación Provincial da Coruña como á Xunta de Galicia a que se sume a esta declaración en favor da continuidade tanto da Central Térmica de Meirama como da Central Térmica de As Pontes, e que a declaración sexa remitida ao Goberno Central.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

3.- Que os posibles plans alternativos que a empresa enerxética poida estar a contemplar sexan aportados e debatidos co Comité de Empresa, traballadores e representantes institucionais dos concellos da comarca ante o posible peche da Central Térmica, garantindo os postos de traballo sen que isto supoña mobilidade ou cambio de residencia para os traballadores.

4.- Trasladar esta declaración ao Goberno Central.

5.-Trasladar esta declaración ao Parlamento Europeo”.

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria, de data 29/06/2018, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén o Sr. Manteiga García, concelleiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que na acta da sesión anterior aprecia que na folla nº 12, no acordo adoptado polo Pleno non se recolle como punto cuarto a emenda do PSOE que foi aceptada polo BNG, debendo dicir:

Folla nº 12

.../...

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

(...)

4. Declarar persoas non gratas a todos os violadores con condenas en firme, especialmente aos de menores.

.../...

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que na folla nº 11 aprecia o erro seguinte:

Onde di

.../...

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que (...). Aínda que a sentenza non foi firme, todos entendemos que non foi especialmente negativa por que pode sentar un moi mal precedente tendo en conta os feitos (...).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

.../...

Debe dicir

.../...

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que (...). Aínda que a sentenza non foi firme, todos entendemos que si foi especialmente negativa por que pode sentar un moi mal precedente tendo en conta os feitos (...).

.../...

A acta da sesión ordinaria de data 29/06/2018, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, coa corrección sinaladas polo Sr. Manteiga García e Sra. Martínez Candal.

PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde non se informa de ningunha actuación municipal.

PUNTO TERCEIRO: RECTIFICACIÓN INVENTARIO MUNICIPAL.

Expediente de rectificación do inventario municipal de bens.

Vista a Resolución, de data 02/02/2018 da Presidenta de Agader, Consellería do Medio Rural, declaráronse non aptos para os fins do Banco de Terras de Galicia 2 predios de Agader:

Referencia catastral	Superficie	Parcela de concentración parcelaria	Zona de concentración parcelaria
15060A501002130001BX	50,00 m2	221	Lesta
3941502NH4734S0001DW	276,00 m2	376	Lesta

Visto que con data 09/03/2018, asinouse o documento entre a Presidencia de Agader e o Alcalde-Presidente do Concello de Ordes pola que se formaliza a entrega de Agader a favor do Concello de Ordes, da posesión dos predios anteriores non declarados aptos para os fins do Banco de Terras de Galicia.

Visto o disposto nos arts. 33 e 33 do R.D. 1372/1986, de data 13 de xuño de 1986.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Rectificar o Inventario Municipal de Bens do Concello de Ordes incluíndo no mesmo os bens seguintes:

I.-

NATUREZA DO INMOBLE: rústico.

SITUACION: Lg. Vilagudín, Lesta, Ordes.

LINDEIROS:

- Norte: parcela 213 ZCP Lesta
- Sur: parcela 213 ZCP Lesta
- Leste: parcela 213 ZCP Lesta
- Oeste: pista Unión Fenosa.

DESTINO: Agrario

NATUREZA DE DOMINIO: Patrimonial

SUPERFICIE: 50,00 m².

DATA DE ADQUISICIÓN: 09/03/2018

TITULO: 100 % pleno dominio con carácter privativo.

ACORDO: Art. 34.7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

VALOR CATASTRAL: 0,00 €.

REFERENCIA CATASTRAL: 15060A501002130001BX

II.-

NATUREZA DO INMOBLE: urbano.

SITUACION: Lg. Cruz, Lesta, Ordes.

LINDEIROS:

- Norte: parcela 375 ZCP Lesta
- Sur: parcela 377 ZCP Lesta
- Leste: parcela 375 ZCP Lesta
- Oeste: pista concentración parcelaria.

DESTINO: almacén.

NATUREZA DE DOMINIO: Patrimonial

SUPERFICIE: 276,00 m².

DATA DE ADQUISICIÓN: 09/03/2018

TITULO: 100 % pleno dominio con carácter privativo.

ACORDO: Art. 34.7 da Lei 4/2015, do 17 de xuño.

VALOR CATASTRAL: 0,00 €

REFERENCIA CATASTRAL: 3941502NH4734S0001DW

PUNTO CUARTO: BONIFICACIÓN COTAS ICIO.

Expediente de bonificación cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- **GANADERÍA CASA DE PEDRO, S.C.**, con CIF nº J70327564, solicitude de data 31/05/2018, rexistro de entrada nº 2825, de obras de ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite (construción de almacén agrícola, silo de formigón para forraxe e soleira de formigón), en Lg. Vilagudín, Lesta, Ordes (**Expdte. 144/2.018 – 2.018/U022/000028**).
- **JOSÉ MANUEL LORENZO RODRÍGUEZ**, con DNI nº 44826531X, solicitude de data 31/05/2018, rexistro de entrada nº 2827, de obras de construción de explotación agropecuaria (nave para explotación de galiñas campeiras), en Lg. Pecení, Pereira, Ordes (**Expdte. 188/2.017 – 2.017/U022/000023**).

PUNTO QUINTO: RATIFICACIÓN ACORDO XUNTA DE GOBERNO LOCAL: CREACIÓN AGRUPACIÓN OBRADOIRO DE EMPREGO.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22/06/2018, de creación dunha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento do “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo”, encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Ordes, formalizando a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.

Vista a Orde 04/05/2018 (DOG nº 97, de data 23/05/2018), pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.

Visto o disposto nos arts. 1, 3 e 19 de a Orde de 04/05/2018.

Visto o disposto nos arts. 25 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, arts. 80 e 86.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo e art. 4 do R.D. Legislativo 3/2015, de 23 de outubro.

Visto o disposto nos arts. 11, 47 e 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Contas, Facenda e Persoal.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o BNG vai a votar favorablemente este acordo xa que recentemente trouxeron a este pleno unha moción para actuar nesa zona verde do parque empresarial, que foi aprobada por unanimidade de todos os grupos, agradecen ese apoio. Tentar que se sexa finalmente unha realidade se nos conceden finalmente este obradoiro.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local, de data 22/06/2018, de creación dunha agrupación entre o Concello de Frades, o Concello de Mesía e o Concello de Ordes para colaborar no desenvolvemento do “Obradoiro de Emprego Brañas do Illó-Río Samo”, encomenda de xestión do proxecto ao Concello de Ordes, formalizando a encomenda de xestión a través do correspondente convenio administrativo no que se recollerán os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, facultando ao Alcalde de Ordes para a súa sinatura.

PUNTO SEXTO: RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE DATA 26/07/2017, ALLEAMENTO DEMANDA XUNTA DE GALICIA.

A efectos do establecido no art. 83 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, polo Sr. Alcalde sométese ao Pleno do Concello, por razóns de urxencia, este expediente que inicialmente non figuraba incluído na orde do día.

Polo Sr. Alcalde xustifícase a urxencia en que de conformidade co establecido no art. 21.1.k da Lei 7/1985, de 2 de abril, o Alcalde pode acordar o exercicio de accións xudiciais e a defensa do concello en caso de urxencia, en materias da competencia do Pleno, dando conta ao mesmo na primeira sesión que celebre para a súa ratificación. Polo que se somete a súa ratificación na primeira sesión que se celebra a resolución de data 26/07/2017, de alleamento á Demanda de xuízo ordinario (P.O. 0000053/2018) presentada pola Xunta de Galicia ante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Ordes,

Sometida a votación a urxencia da inclusión deste asunto na orde do día, esta resultou apreciada polo Pleno por maioría de catorce votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), cos votos en contra (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros.

Polo Sr. Alcalde solicítase que polo Sr. Secretario se explique este punto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que este asunto ven motivado polo expediente tramitado no ano 1996 cando se asinou o convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do xulgado de Ordes. Construíuse o edificio, unha vez rematado no ano 1998 asinouse o contrato de arrendamento do inmovible, cunha opción de compra por dez anos. Non ano 2008 a Xunta de Galicia executou a opción de compra pedindo que se enviase a documentación para formalizar a escritura pública de compravenda á notaría. O problema que había era que o expediente non estaba completo, o edificio dos xulgados non estaba incluído no inventario municipal de bens, no que so figura a praza pública na que está construído. Plantexáronse unha serie de problemas. Cando se tramitou o expediente non se desafectou previamente xa que ao ser dominio público non se podía construír sobre unha parcela de dominio público un edificio para un uso administrativo de outra administración. Plantexáronse problemas xurídicos en canto á viabilidade do expediente, finalmente no ano 2016 tróuxose ao pleno á desafectación desa superficie de terreo para cambiar a calificación xurídica. Cando se revisou o inventario municipal de bens no ano 2009 si que se incluíu o edificio dos xulgados pero como ben de dominio público ao estar construído sobre unha praza pública. Alterouse a calificación xurídica cambiándose a ben patrimonial, quedado pendente de expedir unha certificación para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade. Tardouse en facer e a Xunta de Galicia ao tardarse tanto tempo en concluír o expediente plantexou unha demanda non xulgado para obrigar ao concello a formalizar a escritura pública de compravenda. Expediuse a certificación, presentouse no Rexistro da Propiedade, unha vez expedida a certificación rexistral como ben patrimonial xa poderá formalizarse a escritura pública, polo que non tería sentido que se continuase co pleito por que xa o concello tramitou o expediente. Co alleamento o concello recoñece á razón da demanda, que se presentou xa no xulgado. Por tratarse dunha competencia do pleno por tratarse dunha enaxenación dun ben e ao pleno o que corresponde acordar o alleamento, como o vencía o prazo para comunicar o alleamento fíxose por resolución do Alcalde que ten competencia par a adopción de acordos en materia de exercicio de accións xudiciais por razón de urxencia en materias de competencia do pleno debendo someterse á súa ratificación, que é o que se somete agora a acordo plenario.

Visto o contido da resolución de Alcaldía, de data 26/07/2017 de alleamento á Demanda de xuízo ordinario (P.O. 0000053/2018) presentada pola Xunta de Galicia ante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Ordes.

Vista a Demanda de xuízo ordinario (P.O. 0000053/2018) presentada pola Xunta de Galicia ante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Ordes solicitando se dite sentenza pola que se declare perfeccionado o contrato de compravenda derivado do exercicio da opción de compra e se condene ao Concello de Ordes ao outorgamento de escritura pública de compravenda do edificio dos Xulgados de Ordes. O prazo para comparecer no xuízo e contestar á demanda remata o día 26/07/2018.

Visto o Convenio de cooperación de data 29/07/1996 entre a Comunidade Autónoma de Galicia (Secretaría Xeral e do Patrimonio – Consellería de Economía e Facenda) e o Concello de Ordes para a dotación dun novo Edificio para os Xulgados de Ordes.

Visto o contrato, de data 30/04/1998, de arrendamento con opción de compra do inmovible destinado a Xulgados de Ordes, entre a Xunta de Galicia (Secretaría Xeral e do Patrimonio – Consellería de Economía e Facenda) e o Concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Vista a Resolución, de data 23/04/2008, da Secretaría Xeral e do Patrimonio – Consellería de Economía e Facenda pola que se acorda o exercicio da opción de compra do ben inmovible destinado a Edificio dos Xulgados de Ordes.

Visto o acordo pleno do Concello, de data 30/11/2016, de alteración da calificación xurídica do ben inmovible (Edificio dos Xulgados de Ordes).

Vista a certificación Secretaría, de data 19/07/2018, art. 36.2 R.D. 1372/196, de 13 de xuño (RBEL), presentada con data 20/07/2018, entrada nº 2080 no Rexistro da Propiedade de Ordes.

Visto que polo Concello de Ordes se realizaron as actuacións necesarias para proceder á formalización da escritura de compravenda do Edificio dos Xulgados de Ordes.

Visto o informe emitido polo Secretario do Concello de conformidade co establecido no art. 221.1 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF).

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que pregunta cando entrou a notificación da demanda, que ten entendido recibíuse o vinte e sete de xullo. Puido traerse ao pleno pasado o terse comentado na xunta de voceiros antes de chegar a asinarse unha resolución polo alcalde no último momento, que foi onte.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que non é costume que o pleno vote en contra da urxencia dunha moción ou de calquera asunto urxente no pleno. Sempre están favorables ao debate, así o ratifican. Por que hoxe romperon esa regra que teñen interna non BNG de Ordes, por que non lles parece serio que tendo varias reunións esta semana, que existindo unha demanda pola Xunta de Galicia, que non foi hoxe pola mañá. Onte tiña que persoarse o concello no xulgado, deste asunto sabían. Non se lles informou esta semana, nin ao longo destes días. Parécelle de coña que hoxe ás tres menos dez da tarde nos remitan unha resolución de Alcaldía, cun informe do Secretario para tratar no pleno, cando isto xa se sabía de antemán fai tempo. Ven estraño que dende novembro de 2016 dende que se toma o acordo de desafectación acorden a inscrición no Rexistro da Propiedade o 20 de xullo deste ano. Non sabe o que pasou. Non costa nada falar deste asunto, do que pasou, que querían levalo a este pleno. É raro que a Xunta de Galicia chegue a demandar ao concello sen que previamente houbera unha chamada para saber que pasa con este ben. Por iso hoxe votaron en contra de tratar este tema da urxencia, tampouco tiveron tempo de consultar cos servizos xurídicos do BNG este asunto. Para votar algo que non saben que están votando realmente é mellor votar en contra. Por iso hoxe teñen esta posición.

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente, que sinala que confía plenamente no bo proceder dos técnicos. Isto pillounos a todos por sorpresa do que foron os prazos e a execución. Eles fan todos os trámites administrativos. Ata o día de onte non puideron facer esta resolución. O contido é ese, hai unha solución a un expediente que ven dende fai vinte anos. Hai que buscarlle unha solución definitiva, aínda que nos estea apremiando a propia Xunta de Galicia. Cree que a solución é definitiva. Haberá que dar cumprimento ao acordo que ese día se adoptou de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

compravenda con opción de compra. Van a ratificar esa resolución que se emitiu no día de onte para aportar ao expediente xudicial.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de trece votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 1 grupo político mixto-PSOE, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), dous votos en contra (grupo político BNG), coas abstencións (Sra. Martínez Candal) sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Ratificar a resolución de Alcaldía, de data 26/07/2017 de alleamento á Demanda de xuízo ordinario (P.O. 0000053/2018) presentada pola Xunta de Galicia ante o Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 de Ordes, solicitando expresamente a non condena en costas.

PUNTO SÉTIMO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 29 de xuño de 2018, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO OITAVO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia, na súa exposición de motivos fala de “Quenes tomen a decisión de incorporar un animal de compañía ás súas vidas son responsables da súa saúde e benestar, e teñen que ser conscientes e asumir as obrigacións e responsabilidades que iso implica, o que está directamente relacionado coa necesaria intervención das administracións públicas implicadas, ás cales compételles realizar un intenso labor de información, educación e sensibilización á cidadanía”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Dende a entrada en vigor desta lei de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia considérase infracción grave que un can non conte co correspondente microchip identificador e pode sancionarse con multas de ata 500 euros.

Por iso, creemos convite dende a Agrupación Socialista de Ordes que se acometa unha campaña informativa cara as persoas propietarias de cans para que regularicen a súa situación, no caso de que non dispoñan de microchip, ao tempo que se poden dar a coñecer outros aspectos menos coñecidos da lei tamén sancionables (como a prohibición de manter atado o can ou transportar o can nun vehículo). É fácil atopar perdidos polas nosas rúas cans que se ve que son mascotas extraviadas, moitas delas incluso con colar pero sen microchip identificador.

A colocación do microchip é un procedemento rápido e asequible, que pode facer calquera veterinario sen ningún tipo de afección para o animal. Ese chip de identificación é positivo tanto para o seu propietario, pois no caso de perda é máis doado de localizar, e tamén para o concello, que non ten que facerse cargo do animal e andar á busca do seu dono.

Polo que en condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes somete a consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar ao Concello de Ordes a acometer unha campaña informativa coa colaboración da policía local para que as persoas propietarias de cans sen microchip regularicen a súa situación e informálas das novas obrigas que a lei impón a os propietarios”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están de acordo. se hai unha campaña os propietarios dos cans teñen que ter coidado dos animais e das beirarrúas. É moi importante.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está moi a favor desta moción como xa comentou no pleno pasado. É moi importante empezar a tratar este problema. Para facernos unha idea España é o país número un en Europa en abandono animal. Cada catro minutos un can ou un gato é abandonado non noso país. Temos os peores resultados de toda Europa. Holanda erradicou este problema e o Estado promoveu para elo campañas de castración e esterilización gratuítas, tanto para as canceiras como para os particulares. Incrementou os impostos a persoas que mercaban cans de raza, e ao mesmo tempo promoveu campañas de sensibilización que fomentaban a adopción de animais abandonados mediante vídeos e imaxes que lograron un grande impacto. Foi tal o éxito que deixou de haber cans



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

abandonados e as organizacións protectoras de animais que envía axudas en camións a canceiras en países veciños recollen nos mesmos camións can abandonados neses países para ofrecerlles unha fogar nunha familia nos Países Baixos. Propón unha emenda de engádego: Instar ao goberno central a levar a cabo unha campaña de castración e esterilización gratuíta para evitar o abandono animal e que ao mesmo tempo tome en consideración crear unha lexislación para incrementar ou crear impostos a compra de cans de raza e promover a adopción de animais abandonados ao ter España os peores resultados de Europa en abandono animal.

Intervén o Sr. Manteiga García, que sinala que acepta a emenda.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que están a favor do que se propón na moción, é algo lóxico. Ata que os concellos non se poñen en serio, como foi hai atrás o tema forestal, cando o concello empezou a mandar timidamente algunhas cartas a xente empezou a respectar as distancias a pesar de haber unha lei aprobada dende o 2012. Neste caso a base de informar á veciñanza e advertirlle das sancións que pode haber por ter un can preso de calquera maneira ou por non o ter debidamente identificado co chip correspondente. É unha maneira de que esa lei se poña a andar como debe ser. Ten constancia de que no casco urbano o tema do chip está bastante estendido, pode haber algún caso dalgún animal que non o teña. No medio rural é unha práctica que non está tan estendida. Votarán a favor.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están a favor da moción. Cree que as persoas propietarias de animais deben coñecer a lexislación e o que implica ser propietario dun animal tanto en dereitos como en obrigas. Tamén comparten a idea de realizar charlas informativas sobre a regulación existente, que poderían ir acompañadas sobre charlas sobre concienciación animal. En Ordes dispoñen dunha agrupación a Asociación de Amigos da Canceira de Ordes que leva moitos anos exercendo unha actividade solidaria e altruísta, traballando a cotío cos cans que aparecen abandonados. Podería solicitarse a participación de algún dos seus membros nas charlas informativas que propón o PSOE para que expuxesen o seu punto de vista, experiencias, ...etc., non so para realizar unha charla sobre aspectos formais da lexislación, tamén buscando a sensibilización e concienciación.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que so un dez por cento dos cans que se recollen no concello e que rematan na canceira teñen microchip. O día 11 de xaneiro deste ano coincidindo coa entrada en vigor da lei de benestar animal publicouse na web e redes sociais do concello, tamén en folletos en papel, unha campaña de concienciación, na que se informaba de todos os aspectos da nova lei. Nos anos anteriores xa se levaran a cabo outras. Incidirase cos membros da policía local para que sexan máis constantes na identificación dos cans e transmitir información aos donos dos cans. A Asociación Amigos da Canceira de Ordes fixo xa varias campañas e charlas informativas nos colexios e mesmo fora da comarca, comentárase para novas charlas, están a súa disposición para toda a información que queiran dar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se van a sumar á moción para darlle continuidade as estas campañas de información.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Instar ao Concello de Ordes a acometer unha campaña informativa coa colaboración da policía local para que as persoas propietarias de cans sen microchip regularicen a súa situación e informalas das novas obrigas que a lei impón a os propietarios”.

2.- Instar ao goberno central a levar a cabo unha campaña de castración e esterilización gratuíta para evitar o abandono animal e que ao mesmo tempo tome en consideración crear unha lexislación para incrementar ou crear impostos a compra de cans de raza e promover a adopción de animais abandonados ao ter España os peores resultados de Europa en abandono animal.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“No pasado pleno do mes de xuño, ante unha pregunta formulada polo BNG, o goberno municipal informou que no 2017 foran xestionados 33.121 kg de residuos voluminosos (LER 200 307), que foran depositados pola veciñanza no punto limpo ou procedentes da recollida mensual.

Estes residuos, de acordo coa información facilitada, son enviados a diversas plantas para a súa reciclaxe ou valorización segundo o tipo de voluminoso do que se trate.

Dende o BNG consideramos que unha gran cantidade destes residuos (mobs, colchóns, somieres, estufas, electrodomésticos...) poderían contar con unha segunda vida logo de un pequeniño amaño e seren utilizados por aquelas persoas que os demandasen.

Non é raro ver como entidades sociais a través das redes solicitan a axuda da cidadanía para conseguir unha estufa, un somier, ou un berce para familias que, por mor da delicada situación económica que están a atravesar, non poden acceder a eles. E mentres tanto esa estufa ou somier, probablemente foi depositada fai un tempo por unha veciña á cal lle sobra no punto limpo e rematou a súa vida útil nunha planta de reciclaxe ou valorización.

Por todo isto, dende o BNG pensamos que a reutilización debe de introducirse no esquema de xestión de residuos do concello dun modo efectivo, xa que deste xeito estarase reducindo a xeración de residuos e evitando os custos económicos que conleva o seu tratamento, ademáis de estar a cubrir unha necesidade social.

En resumo trataríase de activar mecanismos e prácticas que buscasen alongar, sempre que fose posible, a vida útil de mobs, electrodomésticos... e tratar de conseguir que tardasen o maior tempo posible en rematar nunha planta de tratamento.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galicia, e de acordo co indicado no PXRUG vixente, á promoción da reutilización de voluminosos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

2. Estudar mecanismos para poñer a disposición de quen o precise aqueles elementos susceptibles de ser reutilizados, e que a veciñanza depositou no punto limpo ou xunta os contedores.
3. Explorar a posibilidade de establecer convenios con organizacións sociais adicadas á reparación de voluminosos, e con aquelas que traballan no eido da protección social e son coñecedoras das necesidades da poboación”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sra. Martínez Candal, Sr. Vázquez Raña, Sr. González Santos e Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. González Santos, concelleiro non adscrito, que sinala que están a favor, para facer isto hai que ter un almacén grade e persoal. Hai cousas que se poden reutilizar.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que sería unha mágoa que o Concello non colaborase se é posible. Todos somos coñecedores do éxito que están tendo as organizacións sociais cun grande número de persoas beneficiadas. Pódense establecer convenios con asociacións que lle poidan dar saída a estes elementos voluminosos. Apoiará esta proposta.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo mixto-PSdeG.PSOE, que sinala que van apoiar esta moción xa que dende sempre, no goberno municipal ou na oposición, preocupoulles este tema. Conseguiron aprobar políticas municipais cando non existían, por exemplo as illas verdes, utilizando o principio das tres erres ecolóxicas, unha regra para reducir o volume de residuos ou lixo xerado. Reutilizar, reciclar e reducir. Reutilizar é a tarefa que adopta recibir menos atención, é das máis importantes, non so axuda ao medio ambiente, tamén á economía das persoas máis desfavorecidas. Por iso o sentido do seu voto.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, en representación do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa moción. Existen familias no municipio que están a atravesar unha situación difícil. É certo que moitas das cousas que se levan ao punto limpo poden seguir a ter unha vida útil. O seu voto vai a ser favorable.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a proposta ten moita lóxica. Insistindo na palabra, despois hai que pola en práctica, o que non é tan sinxelo. Este sistema de recollida facilita que as persoas se poidan desprender de moitos electrodomésticos e mobles co porta a porta con facilidade. É certo que moitos destes aparellos que se recollen na rúa poden ter un aproveitamento, para iso é necesario unha clasificación correcta dos mesmos, as modificacións ou alteracións que hai que facer para o seu aproveitamento. Hai moitas asociacións que traballan no concello e na provincia para axudar a persoas con necesidade achegándolles este



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

equipamento. Van a sumarse ao acordo. Ver que pode facer a Xunta de Galicia coa reutilización e reciclaxe. Con tempo verase como se pode por en práctica a nivel municipal.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que en relación coa necesidade dun almacén non hai que buscar sempre problemas. A problemática da xestión de residuos hai que convertela nunha oportunidade como están en moitos países ou cidades como por exemplo en Amsterdam, Petersburg en Inglaterra, que o están a converter nun sector moi importante de xeración de emprego, que se preve que mova moitos millóns de euros nun futuro. O que pode facer a Xunta de Galicia é cumprir o seu propio plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, que na súa liña estratéxica número dous di que vai a fomentar a reparación e reutilización dos residuos. Se hoxe traen aquí esta moción é por que por experiencia do BNG puideron ver como neste inverno pasado unha persoa lles contou como recolleu unha estufa a gas a carón dun contedor a reparou e a acabou vendendo nunha plataforma de venta online, no mes seguinte a Cruz Vermellas solicitaba unha estufa para unha familia de Ordes. Isto é o que queren evitar. A todos estes elementos se lle pode dar unha nova vida útil. Agradecen o apoios de todos os grupos e concelleiros.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSOE, Sra. Martínez Candal, Sr. González Santos, Sr. Vázquez Raña, Sr. Gómez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1. Instar á Xunta de Galicia, e de acordo co indicado no PXRUG vixente, á promoción da reutilización de voluminosos.
2. Estudar mecanismos para poñer a disposición de quen o precise aqueles elementos susceptibles de ser reutilizados, e que a veciñanza depositou no punto limpo ou xunta os contedores.
3. Explorar a posibilidade de establecer convenios con organizacións sociais adicadas á reparación de voluminosos, e con aquelas que traballan no eido da protección social e son coñecedoras das necesidades da poboación”.

PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Intervén o Sr. Vázquez Raña, concelleiro non adscrito, que formula os rogos seguintes:

- O camiño de acceso ao anexo II da Cidade Deportiva de Vista Alegre está en mal estado.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que se solucione esta deficiencia asfaltando dito camiño.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que plantexan é certo, o camiño ten necesidade. O asfaltado habería que estudalo dende o punto de vista urbanístico, esta incluído dentro dunha unidade de actuación.

- Nas rúas da Vila de Ordes so están delimitadas as prazas de aparcamento nos espazos reservados para a chamada Zona Azul. No resto das rúas desaprovéitanse moitas prazas de aparcamento por estas circunstancias xa que os condutores non teñen ningunha referencia á hora de estacionar os vehículos.

Por todo isto, solicitamos ao Sr. Alcalde que se proceda a pintar as prazas de aparcamento nas rúas que nestes intres non as teñen marcadas para aproveitar moito mellor o espazo dispoñible para o aparcamento dentro da Vila.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se pedirá un orzamento para o que demandan, se é posible tratarán de executalo canto antes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- A seguridade vial é un conxunto de accións e mecanismos que garanten o bo funcionamento da circulación do tránsito, mediante a utilización de coñecementos, leis, regulamento e disposicións, e normas de conduta a fin de usar correctamente a vía pública previndo os accidentes de tráfico. Na estrada de Ordes a Cerceda pola Bailía era de tráfico continuo dunha dirección cando era municipal. Co traspaso á Xunta desta estrada cambiouse, producindo incidentes de tráfico, por que agora teñen o ceda o paso os coches de Ordes-Cerceda e ao contrario.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se nos informe se o devandito cambio se notificou ao Concello e o por que se fixo o cambio.

Se este cambio de sinalización é un trato a favor do tráfico rodado a Sogama.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle vai a facer entrega dunha copia da sinalización contida no proxecto, onde verá que a sinalización nesa rotonda é idéntica en calquera dos accesos ou das incorporacións á mesma. A obra non está acabada, están colocando os bordillos, falta parte da sinalización horizontal. Terá que quedar como no proxecto técnico.

- Veciños de Ordes fixéronnos chegar á Agrupación Socialista a necesidade da reserva de prazas de aparcamento na vía pública para uso exclusivo de familias con nenos que aínda usan carritos así como familias numerosas.

Xa é habitual atoparnos na maioría dos aparcamentos, sobre todo de centros comerciais, con prazas destinadas para familias ao comprobar que asistían moitas familias con nenos pequenos para facer as súas compras, comer ou gozar do seu tempo libre. O que se pretende conseguir con isto é facilitar a súa estancia no casco urbano de Ordes e sobre todo si son persoas que veñen facer compras ou son visitantes e facer que esta sexa o máis cómoda posible poñendo a súa disposición servizos que se atopan sempre á vangarda.

Estas prazas son máis anchas que as prazas normais o que permite abrir ben as portas para subir/baixar a pequenos sen molestar nin ser molestado, e poder baixar os carritos, deixalos ao carón do coche sen estar no medio dos carrís para poder subir/baixar aos nenos.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Que se reserven segundo indique un estudo que se encargue á policía local, unha cantidade de prazas para uso familiar con neno segundo o número de prazas de aparcamento en cada zona do casco urbano de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que petición so é posible nas prazas de aparcamento en batería, non nas de en liña, non é o habitual. Non son moitas as zonas que temos de aparcamento en batería. Daranlle traslado á policía local e verase a viabilidade de adaptar algunha delas.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Veciños da Rúa Campomaioir puxéronse en contacto co BNG para poñer de manifesto a necesidade de colocar un contedor para depositar o papel na rúa do mesmo nome.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Á colocación de un contedor para a reciclaxe do papel na Rúa Campomaioir.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medio ambiente, que sinala que os contedores de papel son grandes, ocupan moito espazo. Nesa zona hai un arriba, xunto ao colexio e tamén no Campo da Feira, dous.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que isto xa o teñen discutido máis dunha vez, que a xente non está concienciada, pero todos saben que canto máis cerca se lle poña o contedor, a xente é moi vaga para levar o papel. Falamos de noventa vivendas, é un número elevado, ben merecen un contedor.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, que sinala que recicla papel, plástico, o ten que levar a case un quilómetro da súa casa. No rural á maioría da xente pásalle o mesmo. Cando se fixo a reubicación dos contedores intentouse que preto dos comercios, que todas as rúas tivesen acceso a un contedor de papel, fíxose un reparto equitativo. Non é por dicir que non. A rúa Campomaior non é das máis anchas, o contedor de papel ocupa moito espazo.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que traslada a petición dos veciños, vostedes decidan.

- En maio de 2017, o BNG denunciaba o estado deplorable, debido á falta de mantemento, da estación de tren de Fosado. Mediante a presentación de unha moción no pleno municipal, que finalmente contou co apoio do resto de grupos municipais, recollía o seguinte acordo: Solicitar ó ADIF que manteña a estación de Fosado nunhas condicións de seguridade e salubridade axeitadas.

Máis de un ano despois, a situación segue a ser a mesma, e os usuarios volveron a expresar as súas queixas ao BNG.

Por todo isto instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

Se reitere ao ADIF a necesidade de manter axeitadamente a estación de tren de Fosado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se reiterará o escrito feito no seu día. Nas reunións anuais que se fai coa xente da Delegación Noroeste na Coruña sempre se tratan estes puntos igual que o resto de parcelas que teñen nas inmediacións da vía. Sempre toman nota de todo isto.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que hoxe estiveron alí, chove nas pérgolas, non se recolle o lixo, hai unha papeleira tirada meses, segue habendo luminarias rotas. Agora levantáronse as baldosas a carón da vía con perigo de caída á vía.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que enviará á policía local. Pode entregar as fotografías e as enviarán co escrito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

- Veciños da Rúa do Mirón e usuarios dos garaxes da rúa peonil, puxéronse en contacto co BNG para trasladarnos a súa indignación pola situación na que se atopa parte da Rúa Peonil na saída á Rúa do Mirón.

Ese tramo atopábase chea de fochancas e o pasado 19 de Xullo apareceu parcheada con asfalto sen compactar, creando unha grave deficiencia na circulación. Por outra banda este rebacheado provoca danos nas rodas dos vehículos xa que queda pegado ás mesmas. O resultado final foi unha auténtica chapuza tal e como se ve nas fotos que se acompañan.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se repare dito tramo en condicións.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa se está a facer a valoración oportuna para poder actuar en toda a zona para unha recollida de pluviais axeitada e votar formigón. Agarda poder facelo ao longo deste ano. Cando se fixo o rebacheo fíxose unha actuación que non resolve nada e incluso empeora a estética do lugar.

- No lugar do Castro de Leira, existe un poste no medio e medio dun cruce de camiños, que como se adoita dicir quedoulle ben descansada a cabeza a quen o puxo alí.

No pleno ordinario de novembro de 2017, presentamos desde o BNG de Ordes un rogo solicitando a modificación da posición do citado poste cara unha situación mais lóxica e que non dificulte a circulación, tal e como o está a facer a día de hoxe.

Logo de preguntar sobre esta cuestión no pleno ordinario do mes de febreiro, dado que a día de hoxe aínda segue sen solucionarse o problema, vémonos na obriga de preocuparnos novamente por este asunto.

Por todo iso instamos ao alcalde o seguinte:

A levar a cabo as xestións precisas para a retirada do citado poste a unha posición mais lóxica.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é bastante improbable. Xa se remitiu un escrito en xaneiro do 2018, en marzo contestaron dende Telefónica que o estaban estudando. Esta mesma semana unha vez que se presentou o rogo a contestación é “en relación coa petición indicar que o poste a desprazar ten tres acometidas. Ao realizar o movemento as acometidas voarían por riba dunha propiedade cuxo propietario non da a súa autorización para executar os traballos. A solución é complicada por que as fincas que están a ambos lados son do mesmo propietario que non deixa pasar as acometidas”. De momento a solución non é viable, están a estudar outras alternativas. Non hai unha solución definitiva.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que a alternativa todos sabemos cal é, haberá que enterrar unha condución e levala soterrada ata aquela zona. Haberá que presionar para que o



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

fagan, ou intentar colaborar de algunha forma. A situación a calquera persoa lle parece lóxica, se hai que meter uns metros de tubos, negociar con eles para ver se se pode soterrar.

- O punto de carga de cisternas que se está a construír na parroquia de Vilamaior, atópase nunha zona na que non se atopan cursos de auga nas proximidades ou se existiron, están secos.

É polo que este necesario servizo non poderá funcionar axeitadamente nin cumprir a súa misión.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que nos informe de cales foron os factores que motivaron a construción do punto de carga para as cisternas nesa localización, carecendo de auga para o seu axeitado abastecemento.

A que nos informe de como pensa solucionar o problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que no ano 2008, bipartito, toma de posesión da ZCP Vilamaior-Barbeiros II fíxose unha serie de reservas para puntos de auga entre os que se inclúe esa parcela. Ese Bipartito do que vostedes formaban parte acordaron que esa parcela cumpría os requisitos suficientes para que se puidese imprantar alí un punto de auga. Na cartografía hai cursos de auga que deberán surtir de maneira continuada ese punto que se adxudicou pola xunta de Galicia á empresa Tragsa que está a acometer oito e cinco máis no ano 2019, para chegar a trece puntos en todo o concello. Hai un problema co abastecemento coas captacións, o técnico de Tragsa está pendente da execución, ten acordado cun veciño do lugar facer unha condución axeitada para darlle auga ao lugar. Ese punto ou se facía alí ou non había unha masa común para ese fin. No seu día os veciños entenderon que era un lugar axeitado, que había auga suficiente, a Consellería entendeu que era un lugar axeitado para facer a reserva como outros. Agora hai que buscar unha solución axeitada, espera que os técnicos unha vez analizada a execución e implantación o vaian a conseguir.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se remite ao ano 2008, sería algún técnico o que estimou que alí había auga e cometeu un erro. Agora mesmo o que pasa é que no ano 2018 a Consellería do Medio Rural sen comprobar o subministro se tira ao precipicio e encarga facer un punto de auga naquela zona e resulta que non hai subministración. Antes de acometer unha actuación que non vai a valer para nada hai que comprobar os caudais para ver o subministro, haberá que buscar outra zona, compra outra parcela se é necesario. Poñerse a construír a casa polo tellado é contraproducente. Se coa solución dunha traída de auga para que surta as cisternas, se está é a solución pide que sexa o máis axiña posible.

- Desde o BNG de Ordes, lamentablemente temos que insistir nunha cuestión recorrente que temos trasladado varias veces ao alcalde pero que cae unha e outra vez en saco roto.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Non pode ser que nas tarefas de roza das cunetas quede a maleza ciscada nas mesmas ou tirada nas pistas, xa que a parte de non ser unha praxe aceptable, iso impide unha axeitada circulación da auga cando chove, a cal remata correndo pola pista adiante.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se dean as instrucións precisas ao persoal encargado da roza das cunetas das pistas, para que antes do remate da xornada laboral, se limpe axeitadamente o tramo efectuado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se atende a petición e darase traslado.

- Usuarios da piscina do Muíño, no Campo da Feira, dirixíronse ao grupo municipal do BNG de Ordes laiándose de que en ocasións os/as socorristas non lles permitiron aos nenos e nenas bañarse co churro ou mesmo xogar coa pelota.

Sen coñecer de primeira man a situación ou os motivos que levaron a esa decisión, si que cremos conveniente deixar ben claras as normas de uso e funcionamento da piscina, así como as pautas á hora de prohibir determinadas situacións ou comportamentos.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se elabore unha ordenanza municipal que regule as normas de uso e funcionamento da piscina, así como de outras instalacións deportivas municipais; contando coa colaboración de distintos colectivos, como poden ser neste caso os socorristas.

A que se manteña unha reunión cos socorristas para marcar as pautas e criterios para a aplicación das normas oficiosas de uso da piscina do Muíño, namentres se aprobe a ordenanza proposta no punto anterior.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de deportes, que sinala que o tema da ordenanza valorarase no próximo plan normativo. En canto ao segundo antes da apertura da instalación realízase unha reunión cos socorristas na cal se informa das medidas e normas da instalación nas que se teñen en conta as valoracións aportadas polos traballadores. O material que se permite usar é aquel que é mellor para o nado e para a seguridade, como poden ser maguitos, cintos, entraría tamén o churro, flotadores, outro material que non estea dentro deste grupo non se permite para unha mellor convivencia e evitar molestias ao resto dos usuarios, como se veu producindo todos estes anos atrás.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que trasladan algo que trasladan os usuarios. Non estaba alí. Infórmanlle que non é algo habitual. Pode manter unha charla cos socorristas, ver que aconteceu, recalcar esas pautas para o futuro. Se non se molesta ao resto da xente debería ser permitido. Os socorristas teñen o seu criterio, as súas razóns poden ter.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 23

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:

- ¿A estrada que vai ao embalse é de titularidade particular?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a estrada que vai ao embalse figura incluída no inventario municipal de bens, aínda que alí hai un cartel que indica titularidade privada. Así consta tamén no inventario municipal de Cerceda.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula as preguntas seguintes:

- Este concelleiro rexistrou un escrito o pasado 22 de xuño, solicitando dispor dun listado dos bens inmoables do concello de Ordes, edificacións e parcelas, coas súas correspondentes referencias catastrais.

Dado que logo dun mes, non obtivemos resposta

Preguntamos ao alcalde ao seguinte:

¿Cando poderemos dispor da listaxe solicitada?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta petición xa foi respostada, xa se fixo chegara a documentación.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e dez minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO